



Experimentación con Descartes na Aula. Galicia 2008

*María José Vázquez Cancelo
IES Monte Neme. Carballo*

METODOLOXÍA EMPREGADA

- Os alumnos **lían na pantalla** as indicacións de cada apartado que tiñan que realizar.
- Realizaban as **actividades nas escenas** de Descartes seguindo as explicacións lidas.
- Realizaban as actividades que se pedían en pantalla escribindo nas follas de traballo dispostas para elo, e onde se lles facía exactamente as mesmas preguntas e se lles propoñían, cando menos, os mesmos exercicios que aparecían na pantalla. Cando nunha ficha aparecían máis exercicios que na pantalla, o alumno utilizaba as mesas sen ordenador para poder traballar mellor.
- As parellas **compartiron as dificultades** ou dúbidas coa parella de traballo e incluso cos compañeiros dos grupos que estaban ó lado.
- As follas de traballo as realizaron de forma **individual**.
- Cando completan unha folla, a **entregaban** e viñan coller a seguinte.
- Unha vez corrixidas e puntuadas, as follas servíronlles de **apuntes** para estudar o tema.
- Cando todos ou case todos os membros da clase tiñan unha **dificultade común** a profesora aclaraba a dificultade xurdida a toda a clase.
- A **nota final** foi a media entre a proba final e as notas das fichas e o dos problemas do boletín final.